



Colegio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**PROXECTO LINGÜÍSTICO**

1/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

# **PROXECTO LINGÜÍSTICO**

## **DO CENTRO**

### **(PLC)**



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**PROXECTO LINGÜÍSTICO**

2/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

**ÍNDICE**

1. **As lingua que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos do 7 ao 12 do Decreto 124/2007. ....3**
2. **As medidas de apoio e reforzo adoptadas para o correcto uso lingüístico escolar educativo, para alcanzar o obxectivo xeral establecido na LNL e na LOE de fomento do plurilingüismo.....6**
3. **Os criterios para determinar a lingua predominante no contorno (a que se refire o artigo 7 do Decreto 124/2007.....7**
4. **As medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten. ....9**
5. **As actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega....9**



1. *As lingua que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos do 7 ao 12 do Decreto 124/2007.*

### 1.1. Educación Infantil.

MÓDULOS/MATERIAS	HORAS	IDIOMA
Comunicación e representación	10	6 h en Galego 4 h en Castelán
Identidade e Autonomía Persoal	5	Galego
Medio Físico e Social	5	Galego
Formación Relixiosa-Titoría	2	Castelán
Psicomotricidade	1	Castelán
Valoración e actitudes	1	Castelán
Proxecto Anticipación Inglés	1	Inglés

### 1.2. Educación Primaria.

MATERIAS	HORAS						IDIOMA
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Lingua Galega	4	4	4	4	4	4	Galego
Matemáticas	5	5	4	4	4	4	Galego
Coñecemento do Medio	5	4	5	4	4	4	Galego
Educación Física	2	2	2	2	2	2	Galego
Lingua Castelá	4	4	4	4	4	4	Castelán
Educación Artística	2	2	2	2	2	2	Castelán
Relixión	1	2	1	2	1	2	Castelán
Lingua Inglesa	2	2	3	3	3	3	Inglés

### 1.3. Educación Secundaria Obrigatoria.



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**PROXECTO LINGÜÍSTICO**

4/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

### 1.3.1. Primeiro curso

MATERIA	HORAS	IDIOMA
Lingua Galega	4	Galego
Ciencias da Natureza	4	Galego
Matemáticas	4	Galego
Ciencias Sociais	3	Galego
Proxecto Interdisciplinar	1	Galego
Lingua Castelá	4	Castelán
Relixión	2	Castelán
Educación Física	2	Castelán
Educación Plástica e visual	2	Castelán
Titoría	1	Castelán
Inglés	3	Inglés
Francés	2	Francés

### 1.3.2. Segundo curso

MATERIA	HORA S	IDIOMA
Lingua Galega	3	Galego
Matemáticas	4	Galego
Ciencias da Natureza	3	Galego
Ciencias Sociais	3	Galego
Tecnoloxías	3	Galego
Educación para a cidadanía	2	Galego
Música	2	Galego
Lingua Castelá	3	Castelán
Educación Física	2	Castelán
Relixión	1	Castelán
Titoría	1	Castelán
Inglés	3	Inglés
Francés	2	Francés

### 1.3.3. Terceiro curso



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

## PROXECTO EDUCATIVO

## PROXECTO LINGÜÍSTICO

5/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

MATERIA	HORAS	IDIOMA
Lingua Galega	3	Galego
Matemáticas	4	Galego
Ciencias Sociais	3	Galego
Física e Química	2	Galego
Bioloxía e Xeoloxía	2	Galego
Música	2	Galego
Tecnoloxías	2	Galego
Lingua Castelá	3	Castelán
Relixión	1	Castelán
Educación Física	2	Castelán
Educación Plástica e visual	2	Castelán
Titoría	1	Castelán
Inglés	3	Inglés
Francés (Optativa)	2	Francés

### 1.3.4. Cuarto curso

MATERIA	HORAS	IDIOMA
Lingua Galega	3	Galego
Ciencias Sociais	3	Galego
Matemáticas	3	Galego
Lingua Castelá	3	Castelán
Educación Física	2	Castelán
Educación Ético-Cívica	1	Castelán
Relixión	1	Castelán
Titoría	1	Castelán
Inglés	3	Inglés
OPTATIVAS*		
Bioloxía e Xeoloxía*	3	Galego
Educación Plástica e visual*	3	Galego
Física e Química*	3	Galego
Informática*	3	Galego
Latín*	3	Galego
Música*	3	Galego



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**PROXECTO LINGÜÍSTICO**

6/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

Tecnoloxía*	3	Galego
Cultura Clásica*	3	Galego
Francés*	3	Francés

2. *As medidas de apoio e reforzo adoptadas para o correcto uso lingüístico escolar educativo, para alcanzar o obxectivo xeral establecido na LNL e na LOE de fomento do plurilingüismo.*

- 2.1. Procurar concienciar, a través de accións dialogantes, a aqueles sectores da Comunidade Escolar menos predispostos, da conveniencia do uso do galego no ensino.
- 2.2. Propoñer e demandar dos órganos de goberno competentes o uso progresivo do galego no labor docente.
- 2.3. Colaborar con calquera sector da Comunidade Escolar en materia de asesoría lingüística, tradución, planificación, etc., en traballos que contribúan ó labor normalizador.
- 2.4. Apoiar e mesmo coordinar calquera iniciativa normalizadora de membros da Comunidade Educativa.
- 2.5. Potenciar a edición de materiais e publicacións escolares en Lingua Galega.
- 2.6. Informar sobre cursos formativos que poidan interesar á comunidade educativa.
- 2.7. Informar aos pais sobre as vantaxes dunha educación bilingüe.
- 2.8. Diseñar campañas de normalización lingüística que contemplan e axuden a acadar os obxectivos propostos.
- 2.9. Potenciar o uso da biblioteca de aula e do Centro como un elemento normalizador.



2.10. Colaborar coas distintas Administracións Públicas, con outras Entidades e colexios, e co contorno próximo ao centro no proceso da Normalización e da Dinamización Lingüística.

2.11. Potenciar a coherencia lingüística do profesorado no emprego da lingua dentro da aula e fóra dela nos ambientes educativos. O profesorado é un referente para os alumnos.

2.12. Avaliar o grao de consecución dos obxectivos a través da Memoria Anual que elaborará o Equipo de Normalización Lingüística.

3. *Os criterios para determinar a lingua predominante no contorno (a que se refire o artigo 7 do Decreto 124/2007.*

O artigo 7.2 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo di o seguinte:

*“A lingua materna predominante será determinada polo Claustro, de acordo cos criterios*

*establecidos no proxecto lingüístico. Para o establecemento da lingua materna deberán*

*terse en conta, entre outros, os datos achegados polo Mapa sociolingüístico de Galicia, os datos estatísticos oficiais e a información achegada polos pais e nais.”*

Os datos sociolingüísticos que nos achega o Mapa sociolingüístico de Galicia en relación á lingua habitual da clase social media de Lugo son os seguintes: só castelán (23.2 %), predomina o castelán (24.4 %), Predomina o galego (21.7 %), só galego (30.7 %),

Polo tanto podemos deducir que predomina o castelán e o galego por igual, cunha lixeira vantaxe sobre o galego.



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**PROXECTO LINGÜÍSTICO**

8/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

Se botamos unha ollada á lingua empregada polo concello na comunicación cos administrados vemos que predomina o galego. Nembargante na lingua empregada polas entidades asociativas do entorno ten predominio o castelán.

En canto aos datos achegados polos pais e as nais son os seguintes:

Lingua que se fala na casa: só castelán (29 %), predomina o castelán (39 %), castelán e galego por igual (18%), Predomina o galego (8%), só galego (5%), outras (1%).

Lingua que empregan habitualmente os seus fillos: só castelán (43%), predomina o castelán (41%), castelán e galego por igual (12%), Predomina o galego (4%), só galego (0%), outras (0%).

Dos datos achegados polos pais deducimos que hai un claro predominio do emprego da lingua castelá tanto nos fogares como por parte dos fillos. Destacar o dato de que o uso de só galego por parte dos fillos acadou o mesmo resultado que o emprego doutras linguas, é dicir, un 0%.

Con estes datos, aínda que o *Mapa sociolingüístico de Galicia* nos indique que se emprega o galego igual que o castelán, aínda que o Concello empregue o galego maioritariamente nos seus uso administrativos, vemos que o emprego da lingua por parte das institucións do entorno e por parte das familias do colexio e dos alumnos é claramente o castelán. Os datos achegados polas familias contrastan cos do *Mapa sociolingüístico de Galicia* debido a que o noso colexio se sitúa no centro da cidade e é de aí de onde nos vén a maioría do alumnado. No seu conxunto, a cidade pode que empregue por igual as dúas linguas, pero no noso entorno a que predomina é o castelán.

Por estas razóns o claustro de profesores determina que tanto a lingua do entorno como a lingua materna predominante é o castelán.



Colexio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**PROXECTO LINGÜÍSTICO**

9/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

4. *As medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.*

- 4.1. Determinar as dificultades a través dunha avaliación inicial.
- 4.2. Aplicación de Reforzos Educativos.
- 4.3. Aplicación de Adaptacións Curriculares (AC)
- 4.4. Agrupamentos flexibles de alumnos en función das súas necesidades educativas.
- 4.5. Establecer grupos de adquisición de linguas para o alumnado que descoñeza as dúas linguas oficiais da nosa Comunidade: galego e castelán.

5. *As actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega.*

Estas actividades serán determinadas polo EDNL ao inicio de cada curso escolar e serán incorporadas na Programación Anual do Centro (PAC). Ditas actividades deberán estar relacionadas cos seguintes aspectos:

- 5.1. Actividades que contribúan a mellorar o contexto sociolingüístico de centro en lingua galega.**
- 5.2. Actividades que contribúan a un maior emprego da lingua galega por parte do profesorado.**
- 5.3. Actividades que contribúan a un maior emprego da lingua galega por parte do alumnado.**
- 5.4. Actividades que contribúan a unha maior presenza ambiental do galego no centro.**



Colegio Marista "A Inmaculada"  
Lugo

**PROXECTO EDUCATIVO**  
**PROXECTO LINGÜÍSTICO**

10/10

DATA: 27/05/09

REVISIÓN: 00

Este PLC poderá ser modificado, ademais do seu punto 5, ao inicio de cada curso escolar segundo as necesidades lingüísticas que se provean.